

O pasado 10 de xaneiro foi aprobado polo Consello da Xunta de Galiza o [Plano Estratéxico Galego para a Sociedade da Información](#) [1] (PEGSI), ratificado o 30 de marzo polo Parlamento galego e que define claramente unha política tecnolóxica do goberno galego baseada no uso de estándares abertos e na promoción do software libre.

O PEGSI, contempla catro **obxectivos estratéxicos**:

1.-Crecemento e emprego

Apostar polo crecemento e o emprego, potenciando a aplicación das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) como medio para construír unha **economía galega competitiva baseada no capital intelectual e no coñecemento**.

2.- Liderado

Identificar e pór en valor liderados efectivos en Galiza con respecto á Sociedade da Información para **definir, desenvolver e consolidar actividades innovadoras de carácter participativo** no desenvolvemento tecnolóxico.

3.- Cohesión social e territorial

Vertebrar territorial e socialmente Galiza a través da creación de **condicións de acceso igualitario** ás oportunidades derivadas da Sociedade da Información.

4.- Identidade cultural

Aproveitar as TIC como vehículo que garanta a **presenza da identidade cultural galega na sociedade da información**, conformando unha oferta de servizos e contidos nas plataformas converxentes que impulsen os niveis de uso.

Estratexias operativas

O plano agrupa as medidas que se han desenvolver en oito estratexias operativas, cada unha referida a un eido de actuación:

- Infraestruturas para a Sociedade da Información,
- Interoperabilidade, seguridade e coñecemento aberto,
- Contidos e servizos,
- Desenvolvemento do sector empresarial da Sociedade da Información,
- Aplicación das TIC polo tecido empresarial,
- Servizos públicos de calidade,
- Inclusión e sostibilidade e
- Instrumentos para a xestión das políticas públicas da Sociedade da Información.

Orzamento

Resulta tamén salientable o esforzo económico cun [orzamento](#) [2] de máis de 800 millóns de euros.

Na segunda das estratexias operativas ([Interoperabilidade, seguridade e coñecemento aberto](#)) [3] o PEGSI recolle recomendacións de “*distintos programas e organismos da Unión Europea que teñen contribuído con diversos documentos, guías e recomendacións á posta en práctica de políticas públicas comunitarias, como é o caso da Guía para a migración a software libre orientada ás administracións públicas. Noutro plan, a Comisión Europea definiu a través da súa axencia IDABC un Marco Europeo de Interoperabilidade para os Servizos Paneuropeos de Goberno Electrónico, no que basea esta implementación nos principios de accesibilidade, multilingüismo, seguridade, privacidade, subsidiaridade, uso de estándares abertos, aproveitamento dos beneficios do software libre e o uso de solucións multilaterais.*”

Por todo iso, e atendendo aos obxectivos estratéxicos, o PEGSI afirma que:

...“A Administración galega asume eses obxectivos de mellora da súa eficiencia, eficacia e transparencia na prestación dos servizos públicos, de desenvolvemento dunha administración electrónica verdadeiramente centrada no cidadán, de fomento dun tecido empresarial propio asociado ás TIC, e de acadar que o coñecemento sexa un ben público e accesible para toda a cidadanía. Baixo estas catro grandes motivacións propón a execución das seguintes iniciativas no escenario que debuxa o PEGSI.”

En relación coa administración local de Galiza o PEGSI define a iniciativa [IeCA-LA1-I3 Apoio á adopción de software libre na sociedade galega](#) [4] e establece:

*“A premisa positiva que se aplica na anterior iniciativa, referida ao impacto positivo de implantación do software libre na Administración galega, e extrapolable ao resto de administracións e actividades económicas. Así, o PEGSI debe ser, igualmente, motor de dinamización e difusión no resto de administracións que operan en Galiza así como no tecido empresarial do país **na aposta polo software libre.**”...*

...“A Administración galega pode aportar ás deputacións e aos concellos as plataformas e recursos tecnolóxicos necesarios para o desenvolvemento dos seus servizos públicos electrónicos, sobre todo naqueles concellos con menos recursos como parte do apoio á Administración electrónica na Administración local (relacionada coa iniciativa [PUB-LA1-I4 Modernización da Administración local](#)).”[5]...

*...“De calquera xeito, e en ámbolos dous casos, as accións divulgativas e de formación orientadas a explicar aos responsables técnicos dos concellos e das empresas as vantaxes que pode ter a implantación de solucións de software libre, configúranse como outro conxunto de iniciativas prioritarias na execución do **PEGSI.**”*

Por todo isto, **pídese** ás novas corporacións das administracións locais de Galiza que asuman publicamente unha posición ao respecto e a desenvolver políticas coherentes co PEGSI, anímase igualmente a todo o mundo, que coincida con aquilo que se expón, a adherirse segundo o seguinte:

Manifesto a favor do software libre e formatos abertos ás administracións locais de Galiza

As tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) son, nestes momentos máis que nunca, un elemento fundamental na economía e o progreso dunha sociedade.

Para facelas adiantar é imprescindible que a cidadanía as poida empregar de xeito universal. As galegas e galegos temos dereito a acceder ás TIC sen ningunha discriminación de tipo social, económico ou calquera outra e a facelo na nosa propia lingua.

Os concellos teñen que se comprometer a defender o dereito de acceso á sociedade da información dos seus veciños, así como a implicarse no proceso de alfabetización dixital e a colaborar para superar a fenda dixital.

O obxectivo deste manifesto é dobre, por unha banda, esixir aos concellos que garantan estes dereitos da cidadanía e por outra pedirllas que sexan consecuentes cos obxectivos do Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información.

Un dos alicerces fundamentais do acceso ás TIC é o software. A pesar disto, o acceso ao software vese restrinxido por políticas diversas en forma de contratos, licenzas ou patentes, que limitan o uso e discriminan a uns sectores da cidadanía dificultando ou prohibindo o acceso en condicións legais e cunha garantía mínima de calidade.

Desde hai anos existe un movemento internacional de persoas e entidades que desenvolven software baixo unhas licenzas que defenden que, cando se adquire un programa, o usuario ten que ter o dereito de estudalo, modificalo e redistribuílo libremente. O software que garante estes dereitos coñécese como software libre.

O software libre permite que todos os seus usuarios e usuarias poidan axudar na súa mellora. Son software libre o sistema GNU/Linux, diferentes navegadores web como o Firefox, paquetes ofimáticos como o OpenOffice.org ou o Koffice, os servidores que utiliza Google e outros moitos programas de gran calidade. No software libre hai millóns de voluntarios/as, e tamén grandes empresas multinacionais como IBM, HP, Sun, etc.

Empregar software libre ten moitas vantaxes, algunhas das máis importantes son:

- Quen o compra non ten que ser cliente a perpetuidade do seu fornecedor; pode contratar a quen libremente elixa para facer as modificacións ou adaptacións segundo as súas necesidades. Se hai un erro na aplicación, non se depende da empresa en cuestión para arranxalo.
- Non discrimina a ninguén. Ata os actuais fornecedores de software privativo poden ofrecer software libre, mudando a licenza do seu produto, ou adaptando o software libre existente.
- A maioría do software libre é de balde ou de custo moi baixo, ao contrario que o software privativo.
- O acceso ao código permite analízalo para comprobar que non fai nada malo (por exemplo, que non conteña código espía ou malicioso). Tamén permite aplicar melloras.
- Permítenos participar en proxectos internacionais punteiros, e polo tanto, potenciar unha industria local de desenvolvemento de software.

Hai ámbitos estratéxicos en que o impacto do software é especialmente importante. A continuación mencionamos algúns:

A comunicación da cidadanía coa administración

Cada vez máis, a comunicación entre a administración e a cidadanía faise por vía informática. Isto fai esta comunicación moito máis áxil e eficiente. A miúdo atopámonos que, cando necesitamos comunicármolos coa administración, obrígasenos a empregar un tipo de computador ou un software concreto dalgunha empresa determinada. A administración non pode esixir a ninguén ser cliente de ningunha empresa, sobre todo cando esta comunicación se pode facer mediante os formatos e estándares abertos definidos por comités internacionais ([ISO 26300/2006](#)) [6], eximindo ao usuario de empregar software de tal ou cal empresa. A administración ten que garantir a non transgresión destes estándares nos servizos que ofrece ao cidadán.

Un caso especialmente relevante do incumprimento destes estándares dáse cando se incumpren as normas de accesibilidade. Estas din o que é preciso facer para que a información, por exemplo dunha páxina web, poida chegar a todo o mundo e, especialmente, ás persoas con dificultades visuais, auditivas ou motrices. É paradóxico que a administración esixa aos cidadáns cumprir estas normas, por exemplo cando se proxecta un edificio, e en cambio practicamente as ignore cando se trata das súas propias páxinas web.

A informática dos concellos

A administración en xeral, e os concellos en particular, usan moito software. Isto supón unha partida moi importante do seu orzamento.

Unha parte deste software é xenérico (sistemas operativos, ofimática...). Moito deste software ten alternativas libres

de calidade. Non usalas é, como mínimo, un malgasto dos recursos públicos.

Outra parte do software é feito a medida. As condicións de contratación deste contrólalas a administración e, polo tanto, pode regular aspectos, como son por exemplo a titularidade da licenza, a propiedade do código, o cumprimento de estándares...

A pesar de que xa existen algunhas alianzas entre concellos para ter maior poder de negociación ante os provedores á hora de facer pedidos de software abaratando os custos, aínda non hai bastante reaproveitamento de recursos.

Posto que este software é pagado con diñeiro público, teríase que facer público o código. Deste xeito incentívase a outros concellos a reutilizalo, compartindo os custos de mantemento e evolución.

A educación ([PUB-LA2 – Ensino](#)) [7]

O sistema educativo, desde primaria ata a formación de adultos, é un elemento absolutamente fundamental para a nosa sociedade. Nas escolas, institutos, universidades e outros centros de formación o software está cada vez máis presente. A pesar de que a maioría de competencias en educación caen fora do ámbito municipal, os concellos teñen unha tarefa moi importante na formación da súa veciñanza, a miúdo dentro do contexto dos centros cívicos (culturais, de veciños, deportivos...). Exemplos típicos son os cursos de especialización para profesionais e cursos de novas tecnoloxías para evitar a fenda dixital.

Non usar software libre neste eido provoca disfuncións moi importantes. Por exemplo, a miúdo os alumnos non poden permitirse ter na súa casa, instalado de xeito legal, o software que teñen na escola. Isto imposibilita usar na casa o que se ensina no centro. Non hai necesidade de forzar esta situación cando existe software libre coas mesmas funcionalidades. Os gobernos de Andalucía e Estremadura xa aplicaron esta política con éxito.

A empresa ([5 - Desenvolvemento do sector empresarial da sociedade da información](#))[8]

No ámbito produtivo, as pequenas e medianas empresas tamén son prisioneiras do fornecedor. Demasiado a miúdo sáltanse a legalidade para poder acceder ao software privativo, xa sexa por descoñecemento de alternativas ou por carencia de incentivos para facer o cambio.

Existen grandes empresas que puideron facer a migración a software libre, pero a pequena e mediana empresa necesita información, formación e apoio económico para facer este investimento de futuro.

A situación actual do desenvolvemento de novas tecnoloxías, algunhas das cales aínda dependen moito do software privativo, limita ás empresas galegas do sector tecnolóxico a actividades de instalación, mantemento e de intermediarios da venda de licenzas de terceiros. O software libre é unha oportunidade para a pequena e mediana empresa do sector, posto que permite o acceso ao código de proxectos grandes que custarían moitas horas-home non asumibles doutro xeito.

A lingua ([Ces-LA2 - Contidos galegos para a internet](#))[9]

Un dos aspectos máis cruciais do éxito das TIC é a integración do galego no mundo dixital. É preciso que o software que se usa estea traducido á nosa lingua, como tamén a documentación, manuais de usuario, etc.

Centos de voluntarios/as traducen ao galego o software libre máis empregado logo de que sae unha nova versión, e isto pódeno facer porque teñen acceso ao código fonte.

Por todo iso, pídesse:

Ás novas corporacións das administracións locais de Galiza, que tomen unha posición pública razoada a favor respecto de cada unha das seguintes demandas:

Comunicación cos cidadáns empregando formatos libres e abertos

1. Pedimos que os lugares web da administración local sigan as recomendacións do [Consortio W3C](#). [10]
2. Que a documentación que xere a administración local sexa plenamente accesible en formatos abertos.

E pedímolo porque non queremos que a administración imponha aos cidadáns que programas teñen que usar para podérense comunicar.

Uso e desenvolvemento de software libre dentro da administración local sobre plataformas libres

1. Pedimos que os concellos manteñan a súa información, e polo tanto os nosos datos, en sistemas de

almacenamento baseados en software libre co cal poida saber que fai e de que xeito, protexendo a integridade da información, segundo o establecido na [Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter persoal](#), [11] e as normas que a desenvolven.

2. Que os concellos liberen todo o código fonte propio feito a medida, de forma que outras administracións, ou a cidadanía mesmo, poidamos usalo.
3. Que o novo software propio que sexa preciso desenvolver se publique baixo licenzas libres e empregue estándares abertos, e que sexa independente de plataformas privativas (bases de datos, sistemas operativos, librerías...) de xeito que permita facer a migración a entornas totalmente libres nun futuro.
4. Compromiso respecto da publicación dos gastos anuais en licenzas e mantemento de software no conxunto das administracións.
5. Que os pregos de licitación de concursos públicos para a implantación de solucións con software esixan a utilización de estándares abertos e o uso de software libre.
6. Que os parámetros para valorar os méritos das empresas e persoas que se presentan a concursos contemplen o modelo económico do software libre. Este é diferente do modelo clásico de empresa de software posto que habitualmente está formado por redes de pequenas empresas.
7. Que nas bases de selección de persoal ao servizo da administración local galega se avalíen os coñecementos en aplicacións de ofimática e sistemas operativos libres, por contra dos privativos actuais.

E pedímolo porque non queremos que a nosa administración estea suxeita aos ditados das multinacionais, porque pensamos que aquilo que pagamos entre todos/as témolo que aproveitar todos/as e porque as diferentes administracións teñen que poder compartir custos.

Uso de software libre na educación

1. Pedimos que nas escolas, nos cursos de formación para adultos e nos de divulgación das TIC se utilice software libre.
2. Pedimos a creación de material didáctico, especificamente dirixido ao ensino, do software libre, que se difunda publicamente e con permiso para ser reutilizado.

E pedímolo porque se queremos unha sociedade integrada nas TIC é preciso que o fagamos con ferramentas que estean dispoñibles para todo o mundo, legalmente e en galego. E porque non é aceptable desde un punto de vista ético, e mesmo legal, subvencionar o uso de software privativo.

Promoción do uso e desenvolvemento de software libre no tecido social e económico

1. Pedimos axudas económicas e un servizo de apoio á pequena e mediana empresa que queira migrar a software libre.
2. Que se fagan campañas institucionais de concienciación no uso do software libre e dos formatos abertos.
3. Que os accesos públicos a internet e recursos informáticos (como centros neurais, centros antena, telecentros e bibliotecas) fagan uso de software libre.
4. Pedimos que os concellos sirvan de catalizadores de calquera iniciativa cidadá que promova o software libre.

E pedímolo porque pensamos que o software libre representa un impulso, non unicamente importante mesmo imprescindible, para o sector tecnolóxico, crea fortes dinamismos sociais e permite acceder a **todos** á tecnoloxía en igualdade de condicións.

- [1] <http://www.sociedadedainformacion.eu/pegsi/pegsi.php?lg=gal>
- [2] http://www.sociedadedainformacion.eu/pegsi/pegsi_det.php?id_l=052,205&lg=gal
- [3] http://www.sociedadedainformacion.eu/pegsi/pegsi_det.php?id_l=054&lg=gal
- [4] http://www.sociedadedainformacion.eu/pegsi/pegsi_det.php?id_l=054,066,182&lg=gal
- [5] http://www.sociedadedainformacion.eu/pegsi/pegsi_det.php?id_l=054,066,182&lg=gal
- [6] <http://es.wikipedia.org/wiki/OpenDocument>
- [7] http://www.sociedadedainformacion.eu/pegsi/pegsi_det.php?id_l=058,083&lg=gal
- [8] http://www.sociedadedainformacion.eu/pegsi/pegsi_det.php?id_l=056&lg=gal
- [9] http://www.sociedadedainformacion.eu/pegsi/pegsi_det.php?id_l=055,070&lg=gal
- [10] <http://www.w3c.es/>
- [11] http://noticias.juridicas.com/base_datos/Admin/lo15-1999.html
- [12] <http://www.ieschandomonte.edu.es/traducindote/>
- [13] <http://www.broffice.org/>
- [14] <http://www.gnu.org/copyleft/fdl.html#TOC1>
- [15] http://lliure.eu/manifest_2007/manifest.html
- [16] <http://www.softcatala.org/>

Agradecementos:

as/aos compoñentes da lista orglliure@listes.softcatala.org, a Toni Hermoso Pulido e a [Softcatalá](#) a Oscar Hermida, Manuel Morán e ao IES Chan do Monte polo seu [proxecto traducíndote](#), [12] empregado neste documento,
a Rafael Ávila pola súa colaboración na corrección,
a Claudio F. Filho de [BrOffice](#) [13] polas súas suxestións,
a tódolos/as colaboradores/as de AGNIX e
a toda a comunidade galega e internacional do software libre, sen as que nunca teríamos chegado ata aquí.

Licenza:[14]

Este documento é derivado do [orixinal](#) [15] desenvolvido colaborativamente na lista orglliure@listes.softcatala.org e publicado por Toni Hermoso Pulido, o 21 de maio do 2007 no sitio web de [softcatala](#) [16] mantendo, polo tanto, a súa licenza orixinal.

